



NO INTERIOR

Melide defende manter paradas de autobús

Páx 3

Veciñanza e turistas 'viaxan no tempo' no V Mercado de Época

Páx 4

Melide viviu un verán deportivo grazas ao fútbol-sala e básquet 3x3

Páx 5

Comezaron as obras de reurbanización da rúa Campo Grande

Páx 7

Melide recuperou o seu San Roque

As tradicionais festas de San Roque regresaron neste 2022 con plena normalidade de uso de espazos públicos e en canto a restricións nas celebracións. Veciñanza e visitantes

por milleiros volveron desfrutar de concertos e actividades para todas as idades que se prolongaron durante case unha semana, do 16 ao 21 de agosto.

M Clan e orquestras como a París de

Noia e a Olympus conformaron unha programación na que Melide recuperou por fin as súas festas, deixando tamén espazo para as actuacións de música tradicional.



"Moi bo ambiente e acollida"

A concelleira de Cultura, Mayka Basalo, fixo un balance "moi positivo" das festas de San Roque, que congregaron a milleiros de persoas a mediados de agosto. Durante a úl-

tima fin de semana de festas, MClan, a orquestra París de Noia ou a banda de música de Visantoña puxeron a celebración melidá no calendario do verán galego. O Concello agra-

deceu o traballo da Comisión de Festas e de todas as persoas que fixeron posible co seu esforzo que o noso municipio recuperase por fin o seu San Roque neste 2022.



Verán de excursións para todas as idades

Xuño e xullo foron meses de excursións tanto para as nenas e nenos da Escola Infantil Municipal como para as persoas socias do Centro Social. Deste modo, 83 per-

soas, entre alumnado, familias e profesorado visitaron a Granxa Escola Beelle en Neda e a praia da Magdanela en Cabanas.

Pola súa banda, a excursión do Centro Social tivo lugar o pasado 20 de xullo. Un total de 84 socias e socios viaxaron ata as Rías Baixas e coñeceron Sanxenxo, o museo etnográfico da Salgadeira de

Moreiras e mais a illa da Toxa. O Centro Social despediu así as saídas ata o mes de setembro e desexou un bo verán para todas e todos os asociados.

MOBILIDADE *Fronte común con outros concellos do Camiño*

O Concello de Melide reclama que se reavalíe a Lei de Mobilidade do Goberno central

Logo de coñecerse o Anteproxecto da Lei de Mobilidade Sostible do Goberno español, o Concello presentou alegacións para evitar a perda de paradas de bus en Melide. O alcalde, José Manuel Pérez, dirixiuse por carta á ministra de Transporte para reclamar que o Estado teña en

conta as necesidades da veciñanza dos municipios rurais. O anteproxecto nin sequera facía referencia aos mesmos. Concellos como Melide contan cun gran volume de persoas residentes que se desprazan por trámites administrativos, consultas médicas, estudos ou calquera outro motivo.

Para moitas veciñas e veciños, o autobús é o seu único transporte.

Fronte común

O Concello sumouse a outros municipios afectados como son Arzúa, Palas de Rei, Santiso, Toques e Monterroso. Representantes de seis con-

cellos xuntáronse en Melide e expuxeron a precaria situación na que o Anteproxecto deixaría a ligazón por transporte público dos pequenos concellos coas cidades.

Convidouse ao Goberno central a repensar a proposta e ofreceuse colaboración para unha solución satisfactoria.

O Concello comparte as súas condolencias polo pasamento do exalcalde Javier Rodríguez Pampín

O Concello de Melide trasladou publicamente as súas condolencias ao coñecerse o pasamento de D. Javier Rodríguez Pampín, que foi alcalde

entre 1976 e 1987. Tamén foi deputado provincial entre os anos 1979 e 1987.

No seu haber están o pulo ao que sería a Biblioteca Mu-

nicipal, o instituto e a Coral Polifónica.

O pleno ordinario celebrado o día 3 de agosto gardou un minuto de silencio en

homenaxe e na memoria do antigo rexedor, recoñecendo deste xeito á súa contribución ao progreso do noso municipio.



Ouro para as e os melidaos en primeira liña contra a COVID-19

Durante as festas de San Pedro, Melide distinguiu coa súa Medalla de Ouro os colectivos expostos durante a pandemia. A medalla recoñeceu o seu compromiso e valentía nun acto amenizado por Herba Grileira e a Banda Escola de Música de Visantoña.

Os colectivos distinguidos comprenden o persoal da área sanitaria, o de dependencia e axuda a domicilio, o de obras e servizos, as forzas de seguridade, o profesorado e alumnado dos centros de ensino, os traballadores do sector privado máis afectados pola carga de traballo da pandemia e os servizos sociais municipais.

EMPREGO

Melide alíase con Arzúa, Toques e Santiso en favor da formación

Unha vintena de alumnas e alumnos pertencentes aos municipios de Melide, Arzúa, Santiso e Toques formárase no obradoiro dual de emprego organizado conxuntamente por estes Concellos baixo a denominación “Natura no Camiño de Santiago”. O curso, centrado en repoboación forestal e tratamentos silvícolas, estenderase durante un ano dende setembro. Conta cunha subvención de 500.000 euros da Xunta.

COMERCIO E TURISMO

O Mercado de Época Furelos no 1900 acadou unha exitosa quinta edición



Melide acolleu na última fin de semana do verán a quinta edición do Mercado de Época Furelos no 1900. A cita consolidouse, ofrecendo á veciñanza e visitantes a posibilidade de realizar unha viaxe ao pasado, rememorando a estética da época e homenaxeando o mundo rural.

Centos de persoas pasaron polos tres días de evento, onde un tren turístico uniu o centro da vila con Furelos e se levou a cabo unha homenaxe aos Telleiros. Unha fin de semana que deixa bo recordo.



'Madrugadores' pechou o curso axudando a conciliar ás familias de 25 nenas e nenos melidaos

O primeiro curso de funcionamento do servizo Madrugadores rematou a finais de xuño cun balance moi positivo para a conciliación entre a vida familiar e laboral das familias. O programa, posto en marcha polas concellerías de

Igualdade e de Educación, permitiu facilitar a conciliación ás familias dunha media de 25 nenas e nenos ao mes pertencentes aos tres centros educativos. Este servizo permitiu ás pais e nais levar as nenas e nenos ás 7.30h ao centro educa-

tivo, de modo que fose máis doado conciliar a vida familiar coas obrigas laborais. A implantación novidosa do programa en Melide permitiu dar resposta a unha ampla reclamación da comunidade escolar que viña de vello

SOCIAL

Melide pon o foco na atención temperá dos 0 aos 6 anos

O Concello de Melide uniuse aos de Toques, Arzúa, Santiso e Vilasantar para asinar un convenio destinado a optar conxuntamente ás subvencións autonómicas para a prestación de servizos de atención temperá. Trátase dun requisito para aqueles concellos de menos de 10.000 habitantes.

A concelleira de Política Social, Carmen Liñeira, sinala que con este acordo Melide poderá “dar resposta adecuada a unha necesidade detectada con gran frecuencia”. “É prioritaria a atención á infancia e ás necesidades derivadas de trastornos de desenvolvemento”, sinalou.

A atención temperá abarca intervencións para poboación infantil ata os 6 anos, así como á súa familia e contorna, para responder a posibles necesidades causadas por trastornos de desenvolvemento ou polo risco de sufrilos.

DEPORTES

O campo de fútbol estrea nova entrada



Os accesos ao campo de fútbol de Melide modernizáronse grazas ás obras de mellora que o Concello levou a cabo. Os traballos incluíron tanto a porta de entrada como o tellado na zona de acceso, que quedou cuberta. Ademais, introducíronse elementos de seguridade. Os traballos incluíron igualmente a ordenación dos pavimentos e a creación dunha senda asfaltada ata o vestiario e terreo de xogo. Por último, realizouse unha serie de pequenas obras de ornamentación.

José Prado, concelleiro de Urbanismo e Deportes, destacou que esta é "unha nova actuación nun recinto importantísimo de Melide". Adiantou que "téra continuidade" con outras intervencións, como a renovación do céspede, a fin de manter o campo de fútbol nas mellores condicións.



O Basket 3x3 tomou a rúa

O Concello de Melide organizou este verán unha actividade novidosa coa que a mocidade gozou dunha oportunidade de practicar deportes en equipo e ao aire libre. Tratouse do Melide 3x3 Basket na Rúa, unha competición onde podían tomar parte libremente e de maneira gratuita equipos mixtos. Cada equipo podía contar con tres, catro ou cinco persoas e os partidos tiñan dez minutos de duración.

A actividade celebrouse á tardiña do día 12 de agosto nas pistas do multiusos, na praza das Universidades.

O concelleiro de Deportes, Jose Prado afirma en relación con esta actividade que se trata doutra "iniciativa máis para fomentar o deporte nas súas orixes, ao aire libre e na rúa, onde prevalece realizar actividade deportiva sobre a competitividade". Deste modo, o edil salientou como a competición primou a realización de deporte por afección e non por un premio. "A diversión e o fomento da vida saudable guiaron este evento", considerou o responsable de Deportes.

Máis de 40 equipos no XL Torneo de Fútbol Sala



Melide acolleu unha nova celebración do Torneo de Fútbol Sala Concello de Melide. A veterana competición acadou a súa cuadraxésima edición e fíxoo xuntando a máis de 40 equipos durante todo o mes de agosto no Polideportivo Municipal da Martagona. Finalmente, alzáronse coa vitoria Mesón Visantoña na categoría masculina e Xoiería Roval na feminina.

O Concello e Cire de Melide organizaron esta corenta edición, que contou con sete categorías: feminino, pre-

benxamín, benxamín, senior, alevín, infantil e cadetes.

"A valoración que facemos deste evento é espectacular", adiantou o concelleiro de Deportes, José Prado. "Foi sen dúbida o evento máis importante do verán para o deporte local e congregou equipos de toda a nosa comarca e mesmo doutros concellos próximos", engadiu o edil. Prado valorou tamén moi positivamente "o apoio masivo de público nesta edición, que foi unha das mellores".

Uns Campamentos de Verán de récord

Os Campamentos de Verán deron comezo a finais de xuño con récord de participación. Tendo en conta as cifras dos concellos da contorna, Melide foi este verán o municipio cuns campamentos máis concorridos, con case 120 persoas usuarias no programa lúdico e unhas 40 no deportivo.

Os Campamentos de Verán ampliaron este ano o seu programa con actividades lúdicas (4 a 12 anos) e deportivas (8 a 15 anos).



CULTURA



Melide presumiu de autoras e autores no Día das Letras

No Día das Letras Galegas Melide albergou o I Encontro con Autoras e Autores Melidáns/aos. Estiveron Antón Laia, Xesus Lois Mariño, María Xesús Blanco, Xosé María Santín -quen é tamén concelleiro de Participación e Transparencia do Goberno local-, Luisa Pereiro, Fe Nuñez, Paco Veiga, Xosé de Cea, Xosé Manuel Pampín, coordinador do club de lectura municipal e a edil de Cultura, Mayka Basalo.

No encontro salientouse a importancia da Biblioteca Municipal para facilitar o acceso á literatura. Melide tamén celebrou o Mes do Libro en abril con actividades.

A cultura conquistou o verán melidao

O Concello de Melide volveu organizar un Verán Cultural cheo de actividades para todos os gustos e todas as idades. Actividades para as e os máis pequenos, música ou cinema ao aire libre volveron ser propostas destacadas.

A concelleira de Cultura, Mayka Basalo, sinalou na presentación do programa que co Verán Cultural “o Concello de Melide volve pór a disposición de toda a veciñanza actividades coas que desfrutar a calquera idade”. A edil puxo en valor o peso da programación destinada ás familias e a variedade na oferta, con música, fotografía, pintura, cine, teatro ou espectáculos de moniques.

A edición de 2022 do Verán Cultural dedicou boa parte da programación á música, incluíndo un ciclo de Vermús no

Camiño coas actuacións d'Os Piñeiros ou Pepe Piña.

Dentro do amplo ciclo de actividades infantís, actuou o Mago Noel cun espectáculo cheo de cor e diversión.

O Verán Cultural albergou

este ano dúas exposicións. O Centro Sociocultural Mingos de Pita expuxo a obra de Cristian Álvarez de pintura contemporánea, e unha mostra de fotografía de Yasuhiro Yotsumoto.

Poeta alén de fotógrafo, Yasuhiro Yotsumoto é un dos referentes na poesía xaponesa. O seu primeiro libro foi publicado en 1991. Na súa fotografía encontramos idéntica visión poética do mundo.



ESPAZOS PÚBLICOS *Humanización, accesibilidade e mellora do firme*

Comezaron os traballos para a reurbanización da rúa Campo Grande

Xa comezaron as obras de reforma e posta en valor da rúa Campo Grande, uns traballos que se adxudicaron o pasado mes de xuño á empresa melidá Leonardo Miguélez S.L.

Os traballos renovarán o firme en toda a rúa. Deste modo colocaráse ao mesmo nivel o pavimento rodado e o peonil, distinguindo o espazo entre ambos. O obxectivo da intervención é reorganizar a vía e humanizar e mellorar este espazo público, acadando unha mellor

accesibilidade e mellorar a estética.

Por outra banda, realizarase unha nova rede separativa de saneamento e pluviais, renovarase a rede de abastecemento e incorporárase unha canalización común para instalacións de telecomunicacións, subministro eléctrico e iluminación, que quedarán soterradas.

Ademais, no espazo libre que hai ao comezo da rúa Campo Grande instalarase un banco de pedra, árbores, un poste de iluminación e un elemento de ocultación

das infraestruturas de recollida de residuos.

Para a redacción do proxecto tomouse como referencia o traballo desenvolvido pola Mancomunidade de municipios galegos do Camiño Francés para potenciar a imaxe corporativa coa fixación de elementos comúns nas intervencións no Camiño de Santiago.

A obra, financiada a través do Plan único, conta cun orzamento de 298.248,50 euros.



Arranxado o alumeadado público en tramos do Camiño de Santiago

O Concello de Melide levou a cabo durante o pasado mes de xullo traballos para arranxar o alumeadado público en diversos tramos correspondentes ao Camiño de Santiago ao paso polo municipio. En total, interveuse en seis puntos para levar a cabo a instalación de 20 no-

vos focos, así como doutras infraestruturas. As actuacións inclúense dentro dun conxunto amplo de traballos que se realizan de modo constante para mellorar a luminosidade das vías públicas e a renovación de instalacións de uso público de Melide.

Novo parking público

O Concello de Melide conta xa cun novo aparcadoiro público. O terreo no que se atopa foi cedido por unha familia á que o Concello trasladou todo o seu agradecemento.

O novo parking sitúase na cima do Castelo, ao carón do cemiterio e da Ca-

pela do Carme.

A nova infraestrutura únese aos parkings que están situados na Avenida da Habana e na Rúa México. Deste modo, facilítase á veciñanza e aos visitantes que chegan a Melide estacionar de forma doada os seus vehículos.



Obras de pavimentación e de mellora en varias pistas das áreas rurais

A fins de xullo deron comezo as obras incluídas no proxecto para a mellora da pavimentación e a seguridade en varias pistas de Orois a Maceda e outras do municipio. O Concello acomete así profundas melloras que buscan mellorar a mobilidade no municipio.

A maior parte destas obras consisten en traballos de asfaltado con aglomerado en quente. As actuacións compren-

den a pista de Golán a Baltar, Baltar (Casa Salgado), Grobas de Arriba, Alvite, San Cosme, rúa Furelos, a Torre (San Cibrao), Santa María, Zaramil, e mais os frontais dos Colexios nº1 e nº2.

No caso deste último centro educativo, as obras incluírán a renovación da práctica totalidade da parte frontal do mesmo. O obxectivo é resolver problemas pendentes dende hai moito tempo,

como é o caso dos efectos da chuva no asfaltado, que adoita formar pozas.

Pola súa banda, e co obxectivo de mellorar a seguridade dos peóns, diante do Colexio nº1 instalaranse dous pasos de peón elevados.

O Concello ten previsto continuar coa realización deste tipo de traballos no municipio dentro do plan xeral de mellora das vías.

MEDIO AMBIENTE *O obxectivo é acadar o 40%*

Drástica redución das emisións de CO₂ nos últimos dous anos



O Concello de Melide fixo públicas as conclusións do Informe de Seguimento do Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sostible do Concello. Aprobado en Pleno en novembro de 2020, contempla unha redución do 40% das emisións de CO₂ municipal para 2030 en relación con 2016, dentro da resposta local aos desafíos do cambio climático.

Actualmente, Melide xa ten reducido un 18% estas emisións, e executou o 64,7% das medidas propostas no documento. Isto significa que, se en 2016 emitía 29.911 toneladas de CO₂ (3,99 por habitante) anuais, debe ter redu-

cido esa cifra en 11.964,4 toneladas en 2030. Neste 2022, o descenso acumulado foi de 5.668,77 toneladas, o que supón case a metade do obxectivo final.

Dentro do PACES leváronse a cabo iniciativas distintas enfocadas á sensibilización cidadá, a mellorar a mobilidade urbana e desenvolver espazos de uso peonil e en bicicleta, a mellorar a recollida e xestión de recursos ou ao reforzo do alumeadado público responsable co medio ambiente. Actualmente trabállase para desenvolver novas iniciativas previstas nestes e outros ámbitos de intervención.



Coñeces a app de Melide?

Dende o ano pasado, o Concello de Melide conta cunha APP móbil, que podes descargar en dispositivos Android e iOS. A través dela pódese acceder dun xeito doado e simplificado a multitude de servizos e trámites que pode facer a cidadanía.

A día de hoxe, esta aplicación conta con máis de 600 descargas por parte da veciñanza de Melide, o que amosa unha boa acollida por parte da cidadanía.

Grazas a esta APP, pódense coñecer as últimas novas da actividade municipal, así como acceder á axenda de eventos e actividades. Conta, igualmente, cun útil directorio telefónico e a información do

tempo. Entre outras funcionalidades, tamén permite a xestión de citas previas.

A sección de incidencias resulta de especial utilidade, xa que permite ás persoas usuarias da APP dar aviso de incidencias sobre auga, alumeadado público, animais e pragas, lixo e limpeza viaria, tráfico e espazos públicos. O sistema envía o aviso ao departamento municipal correspondente para a resolución.

A maiores a APP inclúe unha sección de Ocio na que se inclúe información sobre Que ver?, Onde durmir? Onde comer? e as principais festas.

Convídase á cidadanía e visitantes a descargar e empregar esta ferramenta.

FESTAS *Tras dous anos sen poder realizalo*

Máis de 650 persoas participaron no Xantar de Irmandade da Terceira Idade no seu retorno



A finais de maio, o Concello organizou unha xornada de Irmandade da Terceira Idade cun xantar e baile gratuíto. Máis de 650 persoas asistiron, gozando dunha boa comida, da compañía de amizades e veciñanza e do baile.